

8 – 9 – 10 – 11 – 12 – 13 – 14 - 15 – 16 - 17

- Taxa de cemiterio municipal.
- Taxa por instalación de quioscos na vía pública.
- Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico.
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.
- Taxa pola instalación de anuncios ocupando terreos de dominio público local.
- Taxa por ocupación de voo de todas clases de vías municipais con elementos construtivos pechados, terrazas, miradoiros, balcones, marquesiñas, toldos, paraventos e outras instalacións análogas voladizas sobre a vía pública ou sobresaian da liña da fachada.
- Taxa por tendidos, entubados e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para as liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática ou outros análogos que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal, ou voen sobre os mesmos.
- Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas.
- Taxa por celebración de matrimonio civil.
- Taxa pola utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

**15.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL****ARTIGO 1º FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de cemiterio municipal.

ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como : asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos,



conservación dos espazos destinados o descanso dos defuntos, e calesqueira outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades que establece o ARTIGO 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan solicitantes ou que resulten beneficiados da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, se é o caso, os titulares da autorización concedida.

ARTIGO 4º RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refiren os artigos 41, 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º EXENCIONS SUBXETIVAS

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

- a) Os enterramentos das persoas con poucos recursos económicos, e previo informe dos servizos sociais do Concello.
- b) As inhumacións que ordene a Autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

ARTIGO 6º COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7º DEVENGO.

Devengase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

ARTIGO 8º DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1.—Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. Xunto coa solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns achegarase o correspondente proxecto e memoria, autorizados polo facultativo competente.

2.—Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que teña sido prestado dito servizo, para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 9º INFRACCIÓN E SANCIONS.

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O**TAXAS POLO SERVIZO DE GEMITERIO**

1º Concesión de nichos:	
1.1. Concesión dun nicho por 6 anos	105,90 €
1.2. Por cada ano mais, cun máximo de 4.	21,15 €
2º Concesión de tumbas:	
2.1. Concesión de tumbas por 6 anos	53,03 €
2.2. Por cada ano mais, cun máximo de 4.	10,65 €
3º Parcela para construír fila vertical de nichos	264,83 €
3.1 Canon para conservación anual fila de nichos.	5,33 €
4º Estancia de cadáver no depósito	10,65 €
5º Dereitos de sala de autopsia	21,15 €
6º Traslado de restos dunha sepultura a outra	53,03 €
7º Redución de restos	53,03 €
8º Cambio de titularidade entre pais e fillos e cónxuxe, por nicho	26,48 €
9º Cambio de titularidade entre outras persoas, por nicho	53,03 €
10º Dereito de apertura ou peche dun nicho	31,80 €

Sobre estes prezos aplicarase, no seu caso, o IVE correspondente

**16. – ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS
NA VÍA PÚBLICA**

1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Concello de Mos establece a taxa por instalación de quioscos na vía pública á que se refire os apartados letra t) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que resulte da instalación de quioscos na vía pública.

ARTIGO 3º. – SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor das que se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento.

ARTIGO 4º. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE E TARIFA**

No suposto que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación

Noutro caso tomarase como base para a determinación do importe da Taxa unha cantidade fixa, en función dos metros cadrados:

1.—Ocupación de ata 6 m/2.	89,31€
2.—Ocupación de máis de 6 m/2.	223,34€

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven en Tratados ou Acordos Internacionais..

ARTIGO 7º.—NORMAS DE XESTIÓN.

1.—A taxa regulada nesta ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

2.—As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente concesión achegando un plano ou detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.

3.—Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

4.—A presentación da baixa terá efectos a partir do exercicio seguinte a súa solicitude. sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

5.—As concesións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da concesión

6.—No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

ARTIGO 8º.—DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO

O devengo da taxa regulada nesta ordenanza nace:

- Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciarse a utilización privativa ou aproveitamento especial resultante da ocupación da vía pública, que se entende que coincide coa da concesión da concesión ou autorización
- No caso de aproveitamentos xa autorizados e unha vez incluídos nos padróns ou matrículas, a 1 de xaneiro

ARTIGO 9º.—RÉXIMEN DE LIQUIDACIÓN E PAGO

O pagamento da taxa realizarase:

- Tratándose de novos aproveitamentos mediante liquidación no momento do outorgamento da concesión
- No caso de aproveitamentos xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na Normativa de Desenvolvemento.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As disposicións desta ordenanza que , reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2011, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.”

17.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓNS DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFÍCO.**ARTIGO 1.º.-NATUREZA E FUNDAMENTO.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do citado RDLex. 2/2004.

ARTIGO 2.º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

ARTIGO 3.º.-SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

ARTIGO 4.º.-RESPONSABLES.

- a) Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- b) Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5.º.-BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible sobre a que se determinará a cota tributaria configúranos os metros cadrados de ocupación dos terreos de uso público.

**ARTIGO 6.º.-COTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria desta taxa será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

1. Por venta ambulante periódica de calquera produto, ao ano: 17,12 €
2. Por venta temporal de uva, cada temporada: 213,86 €

ARTIGO 7.º.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 8.º.-DEVENGO.

Nace a obriga de contribuír:

1. Nos supostos de devengo puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento ou utilización.
2. Nos supostos de devengo periódico, nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural.
3. Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9.º.-INGRESO.

O pagamento da taxa realizarase nas entidades financeiras autorizadas polo concello, En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

ARTIGO 10.-LIQUIDACIÓN.

- a) Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- b) Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- c) Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda tomando como data a do inicio do aproveitamento, sen prexuízo de abrir o correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 11.º.-NORMAS DE XESTIÓN.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal e especificando o tempo e data da instalación.

2. Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada anualmente mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

3. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán a declaración de baixa e producirá efectos no período natural seguinte ao de presentación desta, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

4. A Policía Local evitará que ocupen a vía pública ou terreos de dominio público con este tipo de instalacións, nin que se exerzan nela industria algunha, aquelas persoas ou entidades que non acrediten estar autorizados e non pagasen previamente os dereitos que se sinalan na presente ordenanza.



5. A autorización de venda é intransferible. O interesado deberá conservala durante o tempo de concesión e amosala aos axentes ou funcionarios municipais se lles fose requirida por calquera deles. O mal uso das autorizacións producirá a súa caducidade, así como a perda dos dereitos xa pagados.

6. As autorizacións que se concedan non poderán ser destinadas a usos distintos de aqueles para os que foron concedidas sen que haxa unha autorización previa, por escrito, do Concello.

7. As concesións ás que se refire a presente ordenanza terán sempre carácter provisional, supeditadas ao interese xeral, previa resolución motivada da Alcaldía do Concello.

8.—No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

ARTIGO 12.º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na Normativa de Desenvolvemento.

Disposición adicional única.

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2011, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.”

18.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

ARTIGO 1.º.-NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de

conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do citado RDLex. 2/2004.

ARTIGO 2.º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3.º.-SUXEITO PASIVO.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

**ARTIGO 4.º.-RESPONSABLES.**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6.º.-COTA TRIBUTARIA.

1. Cando se trate de autorización de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal e teña duración anual ou superior ao ano, para determinar a cota cuantificarase multiplicando 0,96 € polos metros cadrados da superficie e polo número de anos que comprenda a autorización

2. Cando se trate de autorización de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal e teña duración inferior ao ano, a cota cuantificarase multiplicando 0,14 € polos metros cadrados da superficie e polo número de anos que comprenda a autorización.

3. Cando se trate de autorización de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal para atraccións de feira, a cota obterase multiplicando 0,20 € polos metros cadrados da superficie e polo número de anos que comprenda a autorización

ARTIGO 7.º.-DEVENGO

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- a) Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- b) Nos servizos de retribución periódica nace a obriga de contribuír o día primeiro de cada ano natural.

ARTIGO 8.º.-LIQUIDACIÓN.

- a) Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- b) Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- c) Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda tomando como data a do inicio do aproveitamento.
- d) Os anos seguintes a taxa xestionarase a partir do censo desta. O dito censo formarano anualmente os servizos económicos do Concello e estará constituído por censos que comprendan os suxeitos pasivos e as cotas tributarias.

ARTIGO 9.º.-INGRESO.

O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase:

- a) Nas primeiras liquidacións nas entidades financeiras ou onde establecese o Concello. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- b) Nas liquidacións por recibo ou censo, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edito de exposición pública do censo.

**ARTIGO 10.º.-INFRACCIONS E SANCIONS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11.º.-CARACTERÍSTICAS DA OCUPACIÓN.

1. A ocupación da vía pública regulada nesta ordenanza non poderá danar os dereitos de terceiras persoas e, en todo caso, cando se trate de ocupacións vinculadas a un establecemento, non poderán superar o 50 por cento do total da superficie interior do devandito establecemento.

2. Ademais do establecido no apartado anterior, cando a ocupación se produza nas beirarrúas e paseos deberá quedar un espazo libre mínimo de 100 cm. para permitir o paso dos peóns.

ARTIGO 12.º.-NORMAS DE XESTIÓN.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada pagará o importe da taxa en calidade de autoliquidación.

2. No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

3. Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa do interesado.

4. Nos anos seguintes liquidarase mediante censo municipal.

5. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou censo da taxa e producirá efectos no período natural seguinte ó de presentación desta, podendo, no seu caso, ratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

Disposición adicional única.

As modificacións que introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza as leis de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2011, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

**19.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE ANUNCIOS
OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL****ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de Sumidoiro, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden no previsto no art. 57 do citado R.D. Lexislativo 2/2004.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal mediante a instalación de anuncios ocupando terreos de dominio público local.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, nos supostos incluídos na definición de feito imponible do artigo anterior

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

So se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. Tratándose de instalacións suxeitas a concesión de uso, estarase ao que dispoña o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

2. No caso de instalación de publicidade suxeita á previa concesión de licenza ou autorización municipais, a cota será de 13,41 € por m². por fracción ou ano

ARTIGO 7. DEVENGO

1. En caso de novo aproveitamento, a taxa se devengará no momento de concesión da autorización ou licenza

2. Tratándose de aproveitamentos xa autorizados o devengo se producirá o primeiro día do período impositivo

ARTIGO 8. XESTIÓN

O pago da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións ou realizacións de novos aproveitamentos mediante o ingreso, previa liquidación da cantidade correspondente no lugar que se estableza, podendo esixirse o seu depósito previo.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nas listas de cobro desta taxa, por anos naturais, e dentro dos tres primeiros meses de cada ano mediante os correspondentes recibos ou liquidacións.
- c) Ditas listas de cobro publicaranse durante un prazo de 15 días, finalizado o cal poderá interpoñerse Recurso de Reposición ao que se refire o artigo 14 da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedéndose á recadación na forma prevista polo artigo 88 do Regulamento Xeneral de Recadación

2. As Tarifas establecidas serán aplicadas ás ocupacións solicitadas ou realizadas, sen prexuízo de que con arranxo á normativa vixente se incoe o oportuno expediente de sanción polos aproveitamentos que excedan das correspondentes autorizacións.



3. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade polo Concello ou se presente a baixa xustificada polo interesado ou os seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

4. A presentación da baixa será efectiva a partir do inicio do ano inmediato posterior. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a taxa, todo isto de conformidade coas normas municipais reguladoras da autorización por instalación de quioscos na vía pública; sinalándose que en todo caso a baixa ha de supoñer o seu cese efectivo nos termos que determine dita normativa.

5. Nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe o feito impoñible, o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota por trimestres naturais

6. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2011, quedando aprobada definitivamente, o non haberse presentado reclamación algunha contra a mesma, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou ate a derogación expresa da mesma.

20.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE VOO DE TODAS CLASES DE VÍAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADOIBOS, BALCONS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANALOGAS VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA.

ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos Artigos 57 , 20.3 ñ) e 20.3 s) do R.D lexislativo 2 /2004 de 5 de marzo (TRHL) polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e de conformidade co que dispoñen os Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, o Concello de Mos establece a Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con portadas, escaparates, vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña de fachada

ARTIGO 2º .--FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público local que beneficia de modo particular ós suxeitos pasivos e que se produce pola instalación de portadas, escaparates, vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña de fachada.

ARTIGO 3º.-SUXEITO PASIVO

1.-Teñen a consideración de suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas así como as entidades que establece o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor das cales se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sen o oportuno outorgamento.

2.-Os obrigados tributarios das taxas de vencemento periódico que non residan en España teñen a obriga de nomear un representante legal con domicilio no territorio español que deberán comunicar ao Concello antes do primeiro deveño da taxa posterior a alta no rexistro de contribuíntes.

**ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.**

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas às que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—DEVENGO E PAGO

1.—A taxa devengarase cando se inicie o aproveitamento especial, a estes efectos se entende que é o do outorgamento da correspondente concesións ou autorizacións, sen perxuízo de que se poida esixir o seu depósito previo.

2.—Cando se produza a instalación sen que se solicítase a correspondente concesión ou autorización, o devedor producirase no momento do inicio do aproveitamento.

3.—O pagamento da taxa realizarase:

- a) Cando se trate de novos aproveitamentos mediante liquidación no momento da presentación da solicitude -
- b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados, ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

A cota da taxa por ocupación do voo, por cada m/2 ou fracción, e por ano: 0,96 €

ARTIGO 7º.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven en Tratados ou Acordos Internacionais..

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles segundo a petición que se formule na solicitude.

2.—As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente concesión achegando un plano ou detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.

3.—Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

4.—A presentación da baixa terá efectos a partir do exercicio seguinte a súa solicitude. sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

5.—As concesións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da concesión

6.—No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL*

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2011, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

21.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, ENTUBADOS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA AS LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN O DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA OU OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE AS VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Mos establece a Taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible está constituído pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que realicen o feito imponible deste tributo.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas a que se refiren os artigos 41, 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.**Conceptos Euros*

1. Para as empresas explotadoras de servizos de subministro que resulten de interese xeral ou que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obtían anualmente neste termo Municipal.

A estes efectos entenderase por ingresos brutos o que en respecto se establece no art. 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A contía desta taxa que poderá corresponder a Telefónica de España, S.A. está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire a lexislación vixente.

2. As tarifas da Taxa serán as seguintes:

a) Cables ou condución:

1. Cables de alimentación de enerxía eléctrica, colocados na vía pública ou en terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción,, ou semestre. 0,0130

2. Cables de condución de enerxía eléctrica enterrada ou aérea. Por cada metro lineal ou fracción ou semestre. 0,46

3. Conducións telefónicas aéreas emparelladas ou non á fachada. Por cada metro lineal ou fracción de entubado telefónico, ou semestre. 0,46

4. Ocupación telefónica subterránea. Por cada metro lineal o fracción de canalización, ou semestre. 0,46

5. Ocupación do subsolo, solo, voo da vía pública ou terreos de uso público con cables non especificados noutros epígrafes. Por cada metro lineal ou fracción , ou semestre. 0,46

6. Ocupación do subsolo, solo, voo de terreo público para a condución de fluídos ou gasosos. Por cada metro lineal ou fracción, ou semestre. 0,46

b) Postes:

1. Postes con diámetro superior a 50 cm. Por cada poste e semestre, por metro cadrado ou fracción. 0,92

2. Postes con diámetro inferior a 50 cm. Por cada poste e semestre. 0,46

3. Postes con diámetro inferior a 10 cm. Por cada poste e semestre. 0,22

A Alcaldía poderá conceder unha bonificación ata un 50 %, respecto das cotas deste epígrafe, cando os postes instalados por particulares con outros fins sexan ao mesmo tempo utilizados por algún servizo municipal.

ARTIGO 6º BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven en Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7º.—DEVENGO.

Nos servizo de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento,

Nos servizo de retribución periódica, o primeiro día de cada ano natural.

ARTIGO 8º LIQUIDACIÓN.

Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.



Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda esixindo o ingreso nos prazos previstos na lexislación vixente, sen perxuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9 INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase na tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na notificación.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na Normativa de Desenvolvemento.

ARTIGO 11. NORMAS DE XESTIÓN.

1.—As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente concesión achegando un plano ou detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.

2.—No caso de se denegar as autorizacións os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

3.—Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

4.—Cando remate o aproveitamento os suxeitos pasivos formularan as declaracións de baixa nos Censos ou Padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguindo o da presentación da mesma, podendo prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

5.—As concesións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da concesión

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, cúa redacción definitiva aprobou o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 1998, entrou en vigor o día seguinte a súa publicación, e comezou a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 1999. A presente Ordenanza foi modificada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 5 de decembro de 2002, e entrou en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 246 de 26 de decembro de 2002 e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

A última modificación foi aprobada definitivamente o día 31 de outubro de 2011, en sesión plenaria, entrando en vigor a partir da súa publicación no BOP, e comezándose a aplicar a partir dese intre.

22.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS**ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden no previsto no art. 57 do citado R.D. Lexislativo 2/2004.

**ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa a ocupación de terreos de uso público local con:

- a) Mercancías, materiais de construción, escombros
- b) Vallas, estadas ou outras instalacións análogas
- c) Puntais, asnillas e grúas

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria a cuxo favor se outorguen as licencias, ou a quen se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. A cota da taxa será:

Concepto Euros

Por ocupación m² e día 0,08

Por ocupación un ano ou máis, por m²/ano 0,86

2. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada a concesión mentres non se presente a declaración de baixa, que causará efecto a partir do día seguinte ao sinalado na correspondente declaración. Calquera que sexa a causa alegada en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa

ARTIGO 7. DEVENGO

Devengarase a Taxa e nace a obrigación de contribuír:

- a) Cando se inicien o uso privativo ou o aproveitamento especial, entendéndose que se produce no momento da autorización ou licenza para ocupación do dominio público
- b) Cando se produza o uso privativo ou o aproveitamento especial sen solicitar licenza, o nacemento a cobro terá lugar no momento en que se inicie dito aproveitamento

ARTIGO 8. XESTIÓN

1. As cotas correspondentes serán satisfeitas por cada aproveitamento solicitado ao retirar a licenza correspondente.

2. O control das licencias concedidas se levará polo Negociado de Rendas e a Inspección de Rendas, se a houber, do Concello. Co obxecto de poder realizar un control eficaz, o negociado municipal competente para tramitar a concesión da correspondente licenza pasará nota ao Negociado de Rendas de todas as licencias que conceda.



3. Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no art. 20 do R.X.R. para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente de sanción por infracción tributaria.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva aprobou o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999. Posteriormente, foi modificada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 5 de decembro de 2002, e entrou en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 246 con data de 26 de decembro de 2002, sendo de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Esta modificación foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 31 de outubro de 2011; entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP, comezándose a aplicar a partir dese momento.

23.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CELEBRACION DE MATRIMONIO CIVIL.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

Este Concello, conforme ó autorizado polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR CELEBRACION DE MATRIMONIO CIVIL, que rexerese pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa iniciada e desenrolada con motivo da prestación do servizo de matrimonio civil en dependencias municipais do Concello de Mos polo Alcalde ou persoa en quen delegue. E todo aínda que o matrimonio non chegue a celebrarse por causa imputable ós contraíntes e suxeitos pasivos da Taxa.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas que soliciten a celebración do matrimonio ou a quen se preste o servizo de matrimonio civil, para cuxa celebración iniciouse o expediente, os cales quedarán obrigados solidariamente.

ARTIGO 4º. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria será única e fíxase nas seguintes cantidades:

Cando ningún dos contraentes estén empadroados no Concello de Mos a cota será de 195 € por matrimonio

ARTIGO 5º. DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír cando o interesado presente a solicitude para a celebración da voda civil.

**ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. A taxa farase efectiva xunto coa presentación da solicitude na Tesourería Municipal.
2. Non se prestará o servizo solicitado sen que se satisfaga o pago da Taxa.
3. O servizo será prestado polo Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

ARTIGO 7º. DEVOLUCIÓN.

1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio non se celebre por causa imputable ó Concello, sempre que se acredite o seu pago. Entenderase causa imputable ó Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras ou condutas dos interesados.

2. Igualmente, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 50 % do importe da taxa cando a cerimonia de matrimonio civil non se celebre por causa imputable ós mesmos, sempre que se comunique ó Concello cunha anticipación mínima de 48 horas ó día fixado para a celebración do mesmo, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción polo Concello.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na Normativa de Desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAIS.

- 1.—No non previsto especificamente nesta Ordenanza, será de aplicación a normativa vixente.
- 2.—A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno celebrado o día 31 de outubro de 2011, o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte o da súa publicación non BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

24.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS.**ARTIGO 1º.-NATUREZA E FUNDAMENTO.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este

Concello establece a taxa pola utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa, a utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

**ARTIGO 4.º.-RESPONSABLES.**

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria por utilización de cada columna de propiedade municipal determinarase de acordo a cantidade fixa sinalada ao efecto:

Por cada trimestre ou fracción 4,60€

ARTIGO 6.º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7.º.-DEVENGO E OBRIGA DE PAGAMENTO.

Devengase e nace a obriga de pagamento desta taxa cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

ARTIGO 8.º.-LIQUIDACIÓN.

- a) Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liquidación poida ser cuantificada no momento de presentación da solicitude, liquidarase nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo a prestación do servizo ou realización da actividade.
- b) Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liquidación non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realización da actividade.
- c) Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar solicitude nin concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos do Regulamento Xeral de recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.
- d) Cando se trate de servizos de duración superior o período que se estableza nas tarifas desta taxa, liquidarase a taxa con anterioridade ao inicio de cada período natural, que se determina na tarifa.

ARTIGO 9.º.-INGRESO.

O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase:

- a) Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación poida realizarse antes da prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- b) Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación non se poida realizar con anterioridade a prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

**ARTIGO 10.º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional única.

Cando existan convenios de colaboración a que fai referencia o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2011, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

Contra a modificación das presentes ordenanzas cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

Mos, a 19 de decembro de 2011. — A alcaldesa, Nidia María Arévalo Gómez.

2011012272

* * *